

# CORREO APÍCOLA

## OUTONO 2014

### Éxito do VII Congreso Apícola Hispánico

Os días 3, 4 e 5 de outubro tivo lugar o VII Congreso Apícola Hispánico, organizado por AGA. Acudiron mais de 1.000 persoas de toda a España e do estranxeiro, entre científicos, técnicos, apicultores e apicultoras e logrouse sentar as bases dun novo formato de congreso co éxito da variada oferta de contidos e actividades. A próxima edición do congreso terá lugar en Granada no 2016 e será organizado polo Consello Regulador DOP Mel de Granada e a Asociación Provincial de Apicultores, en colaboración con AFCA.

Estes magníficos resultados foron logrados grazas á participación dun equipo constituído por persoal de AGA, o grupo de API-Emprendedor@s e o grupo API-Rosalía formado por estudantes e profesores do IES Rosalía de Castro. Un grande equipo humano que sen dúbida ningunha constituíu a clave para o positivo resultado obtido e, o que é máis importante, facer que durante tres días en Santiago de Compostela se falase sobre todo de abellas.

### ACTIVIDADES DAS DELEGACIÓNS DE AGA NO MES DE NOVEMBRO

#### Viaxe lúdico-formativa da DAGA Carballo á Casa do Mel

Sábado 15 de novembro

Organizado por DAGA Carballo.

A xornada incluírá a visita á Casa do Mel, cunha demostración do tratamento e estampado da cera, o lago de As Pontes e o museo etnográfico de A Capela. Para anotarse contactar antes do día 10 de novembro, contactar co delegado de AGA Francisco Graña no tel. 646 421 019 ou no email [granapacov@yahoo.es](mailto:granapacov@yahoo.es)

#### Xornada Apícola en Trasalba Amoeiro (Ourense)

Domingo, 23 de novembro

Organizado por DAGA Ourense.

Na Fundación Otero Pedrayo en Trasalba terá lugar una xornada apícola co seguinte programa:

- Ás 11 h. Audiovisual sobre a vespa velutina e coloquio
- Ás 12 h. Etiquetado de produción primaria para o mel
- Ás 12,30 h. Asamblea xeral da Delegación
- Ás 13 h: Audiovisual "A apicultura na casa"

#### XXVI Feira do Mel de Ortegal

Domingo, 16 de novembro na Alameda de Ortigueira. Organizado por DAGA Ortegal

Visita a web de AGA para ampliar a información destas noticias: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

## PLAN APÍCOLA 2014

Próximamente procederemos á devolución do 80 % do tratamento da varroa e do 40 % do material (cera e fondos), para os socios e socias que teñan a receita do tratamento ou o albarán de compra do material con data anterior ó 15 de agosto. A devolución farase por conta bancaria no caso de ter a cuota domiciliada e os que non a teñan deberán poñerse en contacto con AGA para fixar a forma de pago.

## DECRETO DE PRODUCCIÓN PRIMARIA

No DOGA do 30 de setembro foi publicado este decreto que regula a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final. Para acollerse á Producción Primaria, incluídos os socios/as que solicitan o etiquetado de Mel das Miñas Colmeas, é preciso cubrir o documento que adxunta o decreto, que se pode descargar a través da web de AGA, e entregalo nunha oficina da Xunta de Galicia.

## VESPA VELUTINA

O norte das provincias de A Coruña e Lugo é ata o momento a zona de Galicia máis afectada pola avésa asiática. Por este motivo, as delegacións de AGA de As Pontes, Ferrolterra e Ortigueira reuníronse o pasado día 23 de setembro e acordaron unha serie de accións a levar a cabo, como a concentración abelleira diante da Xunta de Galicia en Ferrol o día 08 de outubro e a colaboración do entomólogo Luis Óscar Aguado Martín para coñecer mellor a este insecto e saber como controlalo. Ademais, o venres 14 de novembro haberá unha mesa redonda sobre a velutina en Ortigueira, no Museo Ortegalia ás 19 horas.

Dende a web da Consellería do Medio Rural e do Mar pódese consultar o mapa de detección de niños de Vespa Velutina, actualizado cada semana e realizado en base ao operativo executado pola Xunta de Galicia no Programa de Vixilancia e Control: [http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/gandaria/apicultura/vespa\\_velutina/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/gandaria/apicultura/vespa_velutina/)

## VÍDEOS DE DIVULGACIÓN APÍCOLA NA WEB

### **A avésa asiática, unha ameaza ambiental**

Documento audiovisual sobre a Vespa Velutina producido polo Concello de San Sadurniño en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura. Está dispoñible o enlace de youtube para libre descarga e distribución dende a web de AGA.

### **Apicultura na casa**

Documental sobre a apicultura galega realizado por Helios Vega e Pablo Portela coa colaboración de AGA Asociación Galega de Apicultura. Na web de AGA xa está dispoñible o primeiro dos 5 vídeos que forman o documental.

## PROGRAMA APÍCOLA DE AGA PARA O VINDEIRO ANO 2015

Para o 2015 AGA cumpre 35 anos. Iniciamos un novo quinquenio que haberá que decidir a que o imos dedicar, para o que organizaremos o 3º Foro Apícola e celebraremos o 30 aniversario da Mostra Galega de Apicultura. Todo isto nun ambiente de renovación xeracional, de incorporación da muller ao sector apícola e moito máis.

## ATENCIÓN AOS SOCIOS/AS

No Centro do Queixo e do Mel en Arzúa

Horario: De 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario

Tel.: 981 508 142 / 630 069 637 E-mail: [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org), [agapicultura@gmail.com](mailto:agapicultura@gmail.com)

Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)